

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO 2021-2022

ALEJANDRA M^a POSE LEMA

ÍNDICE

1. MARCO LEGAL

2. CONTEXTO

- a) Centro
- b) Alumnado
- c) Obxectivos de educación primaria

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

4. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS. MÍNIMOS EXISIBLES.

1º curso de Educación Primaria

2º curso de Educación Primaria

3º curso de Educación Primaria

4º curso de Educación Primaria

5º curso de Educación Primaria

6º curso de Educación Primaria

5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

6. METODOLOXÍA

- a) Materiais e recursos

7. AVALIACIÓN

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

9. RELACIÓN DA PROGRAMACIÓN COS PLANS:

- a) Relación co plan Tics
- b) Relación con plan de Convivencia
- c) Relación co proxecto de actividades complementarias e extraescolares

d) Relación co proxecto lector e lingüístico

10. ADAPTACIÓNS NECESARIAS Á DOCENCIA NON PRESENCIAL

1. MARCO LEGAL:

Segundo a convocatoria establecida na **Orde do 21 de Febreiro de 2019**, móstrase no seguinte documento unha programación didáctica para os cursos de 1º a 6º de Educación Primaria da área de Educación Física.

A presente programación vai a seguir os aspectos normativos do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria elaborado a partir do **Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro**, polo cal se establece o currículo básico da Educación Primaria e amparado á Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) que modifica ou amplía a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).

Segundo nos indican Antúñez e colaboradores (2005), programar significa “establecer actividades nun contexto e nun tempo determinados para ensinar contidos coa pretensión de conseguir obxectivos”. Con esta programación intentarase desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que aumentan as posibilidades de movemento do alumnado, profundizar no coñecemento da conducta motriz e asumir actitudes, valores e normas con referencia ao corpo. Polo tanto, intentaremos que o alumnado desenvolva patróns motores básicos que constitúan a base de posteriores aprendizaxes e deste xeito, contribuír ao desenvolvemento das sete competencias clave, ademais da competencia motriz. A través da presente programación fomentaremos a importancia da Educación Física, sempre tendo en conta os diferentes ritmos de maduración e aprendizaxe do alumnado.

Debido a que imos atopar diferenzas físico-motrices, perceptivo-motrices e socio-motrices na materia de educación física, realizaranse actividades e xogos axeitados a todo o alumnado.

Os alumnos/as lesionados temporalmente axudarán ao docente no transcurso da clase ou deberán realizar algún traballo escrito relacionado coa materia. En todos os casos o alumno/a terá que permanecer na instalación deportiva co calzado e material axeitados, salvo casos, os cales estean xustificadas.

Tamén teremos en conta aqueles alumnos con diversidade funcional, que poden necesitar un tratamento máis individualizado.

2. CONTEXTO

a) Centro

O C.P.I. Plurilingüe Cabo de Area está no concello de Laxe, pertence á comarca de Bergantiños localizándose no extremo occidental da mesma. É un dos municipios máis pequenos en extensión da provincia de A Coruña. Pois só abarca uns 34 km² aproximadamente. Repartidos entre a capital Laxe, e as parroquias de Serantes, Soesto, Nande, Sances e Traba.

O CPI Plurilingüe Cabo da Area, catalogado na Rede de Centros como centro de tres unidades de Educación Infantil , oito unidades de Educación Primaria e catro de ESO.

Dispoñemos de dous edificios e un Pavillón.

Edificio de Primaria:

As unidades de Educación Infantil, están emprazadas na planta baixa así como Comedor, a sala de mestres, Xefatura de Estudos de Primaria e a sala de usos múltiples . As unidades de Educación Primaria están situadas no 1^a andar xunto coa Biblioteca, aula de Música, aula de Idiomas, aula de PT e aula de Convivencia.

Edificio de Secundaria:

No 1^a andar están as aulas de 1^o e 2^o ESO, a aula de Informática, aula de Tecnoloxía, aula de Drama, aula de usos múltiples, a Biblioteca, Xefatura de Estudos, Dirección, Secretaria e a cafetería. No 2^o andar está a aula de PT de ESO, o Departamento de Orientación e un espazo reducido que se utiliza para a atención a pais, a radio, sala de profesores, aula de Música, aula de Informática, aula de Plástica, aula de Idiomas, aula de convivencia e as aulas de 3^o e 4^o da ESO

b) Alumnado

O centro recolle alumnado procedente dos núcleos rurais e semiurbanos. Ten polo tanto servizo de comedor e transporte.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas e teñen como lingua materna o galego case na súa totalidade. Hai unha relación moi directa entre os resultados escolares do alumnado e o nivel cultural das familias.

c) Obxectivos de educación primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Secuenciación dos contidos nas Unidades didácticas en primeiro

	Nome	Sesión A	Aplicación	Contidos
1 o T r i m e s t r e	“Comezamos o curso. Benvida”.	7	Setembro- Outubro	Presentación/Normas/Hixiene
	“Coñecemos o noso corpo?”.	8	Outubro -Novembro	Esquema corporal (ton muscular, respiración, relaxación).
	“Movémonos nun espazo e nun tempo”.	8	Novembro -Decembro	Percepción espacial/Temporal.
2 o T r i m e s t r e	“Somos coordinados”.	8	Xaneiro	Coordinación/Lateralidade.
	“Somos equilibristas”.	8	Febreiro	Equilibrio.
	“O meu lado bó”	8	Marzo	Lateralidade óculo-segmentaria.
3 o T r i m e s t r e	“Dicimos o que sentimos”.	8	Abril	Expresión corporal.
	“Xogamos con materiais novos”.	7	Maio	Indiacas, discos, paracaídas...
	“Xogamos como os nosos avós”.	7	Xuño	Xogos tradicionais.

Secuenciación dos contidos nas Unidades didácticas en segundo

	Nome	Sesións	Aplicación	Contidos
1 o T r i m e s t r e	“En marcha! ”.	7	Setembro -Outubro	Presentación/Normas/Higiene
	“ O noso corpo”.	8	Outubro -Novembro	Esquema corporal (ton muscular, respiración, relaxación).
	“Movémonos nun espazo e nun tempo”.	8	Novembro Decembro	Percepción espacial/Temporal.
2 o T r i m e s t r e	“Coordinamos?”.	8	Xaneiro	Coordinación/ Lateralidade.
	“Somos equilibristas”.	8	Febreiro	Equilibrio.
	“Qué é a lateralidade?”	8	Marzo	Lateralidade óculo-segmentaria.
3 o T r i m e s t r e	“Expresámonos”.	8	Abril	Expresión corporal.
	“Xogamos con materiais distintos”.	7	Maio	Indiacas, discos, paracaídas...
	“Xogamos como os nosos avós”.	7	Xuño	Xogos tradicionais.

Secuenciación dos contidos nas Unidades didácticas en terceiro

	Nome	Sesións	Aplicación	Contidos
1 o T r i m e s t r e	“Comezamos o curso colaborando”.	7	Setembro -Outubro	Presentacións/ Normas
	“Controlo o meu corpo”	8	Outubro -Novembro	Esquema corporal (ton muscular, respiración, relaxación)
	“A conquista do tempo e do espazo”.	8	Novembro Decembro	Traxectorias, desprazamentos, velocidades, distancias...
2 o T r i m e s t r e	“Somos ximnastas”	8	Xaneiro	Iniciación xiros, equilibrios...
	“A miña lateralidade”	8	Febreiro	Xogos de coordinación óculo-manual e pédica para mellorar lateralidade
	“Somos hábiles e coordinados”	8	Marzo	Iniciación deportiva/Coordinacións varias
3 o T r i m e s t r e	“Dicimos o que sentimos”.	8	Abril	Expresión corporal.
	“Facemos xogos e deportes novos”.	7	Maio	Xogos e deportes alternativos.
	“Xogamos como os avós na natureza”.	7	Xuño	Xogos tradicionais.

Secuenciación dos contidos nas Unidades didácticas en cuarto

	Nome	Sesións	Aplicación	Contidos
1 o T r i m e s t r e	“Controlo os meus músculos”	8	Setembro Outubro	Control tónico, respiración, relaxación
	” Temos habilidades motrices”	8	Outubro Novembro	Habilidades motrices básicas
	“Xiro,me equilibrio,salto”	8	Novembro Decembro	Habilidades ximnásticas
2 o T r i m e s t r e	“Xogamos con balón”.	8	Xaneiro	Habilidades: conducción, bote...
	“Xogamos a deportes de equipo”(cooperación-oposición)	8	Febreiro	Habilidades: pases, fintas...
	“Practicamos deportes de raqueta”.	8	Marzo	Habilidades : bádminton...
3 o T r i m .	“Expresámonos”.	7	Abril	Representacións/ Dramatizacións.
	“Practicamos xogos diferentes”.	8	Maio	Disco, indiaca, floorball...
	“Facemos xogos populares na natureza”.	7	Xuño	Sacos, canicas, cordas, chapas...

Secuenciación dos contidos nas Unidades didácticas en quinto

	Nome	Sesións	Aplicación	Contidos
1 o T r i m e s t r e	"Somos resistentes e flexibles"	8	Setembro Outubro	Resistencia e flexibilidade a través de habilidades motrices básicas.
	"Somos fortes e veloces".	8	Outubro Novembro	Forza e velocidade .
	"Practicamos o acrosport".	8	Novembro Decembro	Acrosport (figuras por parellas)
2 o T r i m e s t r e	"Xogamos a deportes de balón".	8	Xaneiro	Habilidades: conducción, bote...
	"Xogamos a deportes de balón en equipo".	8	Febreiro	Habilidades: pases, fintas...
	"Practicamos deportes de raqueta".	8	Marzo	Habilidade: bádminton...
3 o T r i m e s t e	"O meu corpo conta cousas.	7	Abril	Representacións/ Dramatizacións.
	"Practicamos xogos alternativos".	8	Maio	Disco, indiaca, floorball...
	"Facemos xogos populares na natureza".	7	Xuño	Sacos, canicas, cordas, chapas...

Secuenciación dos contidos nas Unidades didácticas en sexto

	Nome	Sesións	Aplicación	Contidos
1 o T r i m e s t r e	"A resistencia e flexibilidade"	8	Setembro Outubro	Resistencia e flexibilidade a través de habilidades motrices básicas.
	"A forza e a velocidade".	8	Outubro Novembro	Forza e velocidade.
	"Practicamos o acrosport".	8	Novembro Decembro	Acrosport (figuras por parellas)
2 o T r i m e s t r e	"Deportes de cooperación".	8	Xaneiro	Habilidades :conducción, bote...
	"Deportes de cooperación -oposición".	8	Febreiro	Habilidades:pases, fintas...
	"Practicamos deportes de raqueta".	8	Marzo	Habilidades: bádminon
3 o T r i m .	"Expresión corporal e baile".	7	Abril	Representacións/ Dramatizacións.
	"Practicamos xogos alternativos".	8	Maio	Disco, indiaca, floorball...
	"Facemos xogos populares na natureza".	7	Xuño	Sacos, canicas, cordas, chapas...

Recordar que esta proposta de secuenciación para os distintos cursos pode sufrir cambios para unha mellor adaptación a evolución do proceso de ensino-aprendizaxe.

4. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

BLOQUES DE CONTIDOS

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

Bloque 1. Contidos comúns.

Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.

Bloque 3. Habilidades motrices.

Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.

Bloque 5. Actividade física e saúde.

Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta agrupación non determina métodos concretos, responde a unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da área, construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, pola contra, permitirá organizar de diferentes maneiras os contidos, adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e a relación coa contorna, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE1. CONTIDOS COMÜNS EN EDUCACIÓN FÍSICA			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Aceptación da propia realidade corporal. ▪ B1.2. Respecto das persoas que participan no xogo. ▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. ▪ EFB1 1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. ▪ B1.5 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ k ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. ▪ B1.7. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. ▪ B1.8. Adopción de condutas seguras ao 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas. ▪ EFB1 3.2. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores. ▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio.		<p>corpo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. ▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aceptación da propia realidade corporal. ▪ B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento. ▪ B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes. ▪ B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración. ▪ B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables. ▪ B2.7. Percepción espazo-temporal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. ▪ EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable. ▪ EFB2.2.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia. ▪ B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). das sensacións. 		
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ j ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos. ▪ B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos. ▪ B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos. ▪ B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. ▪ EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. ▪ EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. ▪ EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>mantemento e mellora da flexibilidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade. ▪ B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais. 		
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas. ▪ B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo o ritmo. ▪ B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións. ▪ B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. ▪ B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. ▪ EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. ▪ EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.		
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física. ▪ B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa. ▪ B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. ▪ EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. ▪ EFB5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes. ▪ B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo. ▪ B6.2. Recoñecemento 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. ▪ EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas. ▪ B6.4. Confianza nas propias posibilidades na práctica dos xogos. 		oposición.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas. ▪ B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. ▪ B6.7. Práctica de xogos libres e organizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados. ▪ EFB6.2.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia. ▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ l ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural. ▪ EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.

Mínimos esixibles en primeiro:

1. Incorpora nas súas rutinas a hixiene e o coidado do corpo.
2. Identifica as partes do corpo (articulacións, brazos, pernas, cabeza...)
3. Ten equilibrio estático sen axuda (con control tónico do corpo e axudado pola respiración e relaxación).
4. Desprázase de distintas formas (cuadrupedia, reptación, saltos, pata coxa...) variando puntos de apoio.
5. Bota, lanza e recibe obxectos coa man dominante.
6. Reproduce corporalmente unha estrutura rítmica sinxela.
7. Usa e respecta regras e tácticas de xogo.
8. Realiza e identifica xogos tradicionais, libres e organizados.
9. Respecta aos demais en todo tipo de contextos deportivos.

Para a **calificación** das notas terase en conta:

1. Contidos **conceptuais 10%** (coñece as partes do corpo, a respiración, e as habilidades motrices básicas).
2. Contidos **procedimentais 50%** (realiza desprazamentos, saltos, xiros, equilibrios e habilidades de coordinación).
3. Contidos **actitudinais 40%** (respecta aos demais, acepta regras e normas, colabora a recoller ou colocar material, cumpre normas de aseo...)

2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. ▪ B1.2. Respetto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo. ▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. ▪ B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			e das demais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ k ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. ▪ B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. ▪ B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. ▪ B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns, nas saídas polo contorno do colexio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. ▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. ▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. ▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. ▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aceptación da propia realidade corporal. ▪ B2.2. Conianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Estrutura corporal. Percepción, identificación e representación do propio corpo e das principais partes que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. ▪ EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das distintas articulacións e segmentos corporais. ▪ B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases. ▪ B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos. ▪ B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...). ▪ B2.8. Afirmación da 	<p>situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.</p>	<p>de gravidade en base de sustentación estable.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico. ▪ EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>lateralidade. Recoñecemento da dominancia lateral e da dereita e esquerda propias.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións. 		
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B ▪ j ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións. ▪ B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos. ▪ B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos. ▪ B3.4. Acondicionamento físico xeral en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. ▪ EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial. ▪ EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados. ▪ EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. ▪ EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade. ▪ B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais. 		<p>posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.</p>
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos). ▪ B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. ▪ EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. ▪ EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións. ▪ B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse. ▪ B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento. 		
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física. ▪ B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa. ▪ B5.3. Mobilidade corporal orientada á 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. ▪ EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. ▪ EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	saúde.		
▪ k	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes. ▪ B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo. ▪ B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo. ▪ B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas. ▪ B6.4. Confianza nas propias posibilidades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos. ▪ EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas. ▪ B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. Descubrimento de xogos interculturais. ▪ B6.7. Práctica de xogos libres e organizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas. ▪ EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia. ▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. ▪ EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	<p>respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. ▪ EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos. ▪ B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ m 	<p>dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo. 	<p>actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</p>	<p>de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo temporais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. ▪ B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza. ▪ EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. ▪ EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. 	<p>áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. ▪ EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. ▪ EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ l ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. ▪ B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural. ▪ EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	<p>nas saídas á contorno natural de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza. 		

Mínimos esixibles para sexto de educación primaria:

1. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamentos, recepcións, golpes...) a diferentes contornos e actividades físico-deportivas e artístico-expresivas.
2. Aplica as habilidades básicas de xiros e salto a diferentes contextos de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándoos a parámetros espazo-temporais.
3. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
4. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos... utilizando os recursos expresivos do corpo.
5. Representa ou expresa de forma creativa bailes, danzas... da cultura galega
6. Identifica as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades deportivas e expresivas.
7. Recoñece os beneficios do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta equilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.
8. Identifica a frecuencia cardíaca respiratoria e a adapta á intensidade do esforzo.

9. Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns e as accións preventivas xunto cos primeiros auxilios.
10. Características e relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.
11. Faise responsable da eliminación dos residuos que xeran as actividades no medio natural.
12. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna.
13. Adopta actitude crítica ante as modas, a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
14. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica de espectáculos deportivos.
15. Usa as novas tecnoloxías para extraer información.

Para a **cualificación do alumnado** terase en conta:

- Contidos **conceptuais: 10%** (caderno e traballos ou preguntas orais)
- Contidos **procedimentais: 50%** (práctica de capacidades físicas básicas a través das habilidades motrices, habilidades de manexo obxectos, actividades artístico expresivas, xogos populares....).
- Contidos **actitudinais: 40%** (respecta aos demais, cumpre normas de funcionamento, recolle material, colabora cos compañeiros)

5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- 1.º Comunicación lingüística (CCL).
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3.º Competencia dixital (CD).
- 4.º Aprender a aprender (CAA).
- 5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contribución da área de Educación física ao alcance das Competencias

A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesión de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica, Aprender a Aprender, Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, Conciencia e Expresións Culturais e Matemática e Científico Tecnolóxica e, en menor medida, a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Dixital.

Competencia lingüística (CCL). A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, ademais do vocabulario específico que achega, é dicir:

- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación.
- Expresarse de forma adecuada.
- Coñecer o vocabulario específico da área.
- Obter gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físicas lúdicas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da esta competencia, son:

- Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en tarefas de manipulación con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.
- A ocupación do espazo, a dispersión, o agrupamento...
- A formación de figuras xeométricas co corpo, individualmente ou en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...).
- Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade.
- Aumentar a percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.
- Desenvolver o sentido da orientación e saber utilizar diferentes recursos para orientarse.
- Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.
- Manipular aparellos para realizar actividades físicas.
- Apreciar a natureza e percibir o seu valor como fonte de información.
- Mellorar a saúde e a calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúe á mellora da saúde e da calidade de vida, o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.
- Adquirir o hábito de practicar actividade física de forma regular.

- Comprender a relación entre alimentación e actividade física.
- Desenvolver actitudes críticas ante o fenómeno do sedentarismo.

Competencia dixital (CD): A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

- Valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.
- Achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización da internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

Competencias sociais e cívicas (CSC). As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

- Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto cara os demais nas actividades realizadas.
- Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.
- Asumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas.
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.
- Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura.
- Valorar o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.
- Habituar a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno.
- Coidar e conservar os materiais.

Conciencia e expresións culturais (CCEC). A educación física achégase a esta competencia:

- Expresar ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recursos o corpo e o movemento.
- Apreciar as manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).
- Experimentar coa linguaxe do corpo.
- Experimentar formas de comunicación a través da danza expresiva.
- Interesarse polas formas de comunicación non verbal.
- Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apreciar as iniciativas e as achegas dos demais.
- Utilizar as manifestacións artísticas como fontes de enriquecemento e goce.
- Coñecer a riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

Aprender a aprender (CAA). O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Coñecerse a si mesmo, as propias posibilidades e carencias a través das actividades físicas e expresivas.
- Desenvolver o sentimento de competencia ou eficacia persoal.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Ser consciente do que pode facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais.
- Adquirir recursos de cooperación en actividades físicas comúns.
- Facilitar a adquisición de recursos de cooperación en actividades expresivas (danza, mimo-drama).
- Manexar de forma eficaz os recursos e as técnicas adquiridos no desenvolvemento das súas habilidades motrices.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
- Afrontar a toma de decisións de maneira racional.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

- Organizar de forma individual e colectiva actividades físicas lúdicas e actividades expresivas.
- Desenvolver os valores persoais da responsabilidade e da perseveranza.

- Desenvolver as habilidades sociais do respecto aos demais, a cooperación e o traballo en equipo.
- Ser capaz de buscar solucións aos problemas formulados e de levalas á práctica.
- Desenvolver a iniciativa e a creatividade.
- Esforzarse por alcanzar resultados creativos, orixinais e sinceros na súa expresividade.
- Ter unha visión estratéxica dos retos para cumprir os obxectivos dos xogos e doutras actividades físicas, e motivarse para lograr o éxito.
- Utilizar as actividades físicas e a linguaxe corporal para ampliar e mellorar as súas relacións sociais.

6. METODOLOXÍA

A Educación física ao longo da educación primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

A proposta curricular de Educación física permitirá organizar as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas ao longo do paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu nivel madurativo, a lóxica interna das diversas actividades e aqueles elementos que afectan de maneira transversal a todos os bloques como son as capacidades físicas e coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde.

O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con gran influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

Utilizarase o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións (como mínimo na animación e na volta á calma), se ben se recorrerá igualmente a diversos estilos de ensino.

Respecto aos **estilos de ensino**, cabe destacar que, como se podería observar no desenvolvemento das unidades didácticas, aparece reflectido que estilo ou estilos se utilizan nestas. A continuación dáse unha breve información de cada un:

- ⇒ **Mando directo:** Está baseado no estímulo-resposta. O alumno/a responde a uns estímulos, que poden ser dados en varias canles (auditivo, visual, táctil). As súas características básicas son a disciplina, as disposicións xeométricas e as respostas ao unísono. O docente establece os obxectivos, orde, cantidade de execución, calidade... e observa as accións do alumnado. Segundo Muska Mosston (1978), esta estrutura parece ser bastante pura e perfecta, e quizais non existe na realidade. O esquema que segue é: *Demostración* ◊ *Explicación* ◊ *Execución* ◊ *Avaliación*.
- ⇒ **Asignación de tarefas:** O alumno/a actúa, realiza a tarefa, de acordo á súa propia vontade. O mestre/a ten un contacto máis directo coa clase. Facíltanse as tarefas e non se obriga o alumnado. Unha vez explicado o que hai que facer, o alumno/a é independente á hora de elixir, finalizar a tarefa, número de repeticións ou tempo a dedicar. Segundo Muska Mosston (1978), está considerado como un dos estilos que máis motiva, porque sempre se adapta aos diferentes niveis.
- ⇒ **Ensino recíproco:** O alumno/a pasa a ser profesor/a. Pódese realizar en pequeno

grupo ou en gran grupo. O alumno/a é observador e corrector. Aínda que o profesor/a decide as tarefas e exercicios que se van realizar, ademais do patrón de organización da clase, o neno/a pode traer o seu propio material á escola, e posúe unha boa relación co docente, xa que este confía nel unha nova función: observador. Só se debe corrixir a estes observadores. Úsase este estilo só no terceiro ciclo.

- ⇒ **Descubrimento guiado:** Proponse unha tarefa para que o alumno/a descubra. O profesor/a guía a consecución dos obxectivos, pero nunca dá a solución. Acontece que: *Disonancia cognitiva* ◊ *Investigación* ◊ *Descubrimento*. Hai que ter en conta que, como di Piaget (1946), “O feito de que o alumno obteña unha resposta que lle pertence por descubri-la el mesmo, reflicte unha dimensión especial na internalización dos datos”. O mestre/a dará pistas, e pasará á seguinte cando a resposta anterior sexa correcta. Se hai varias respostas posibles, darase un indicio para que o alumnado se decida por unha.
- ⇒ **Resolución de problemas:** Formúlanse problemas nos que hai varias solucións; Trabállase, igual que no estilo anterior, a disonancia cognitiva. O grao de liberdade e participación individual é case completo. O alumno/a motívase polo descubrimento de “novas” solucións (a diferenza do descubrimento guiado, aquí non hai só unha execución). Acontece, igual que no estilo anterior: *Disonancia cognitiva* ◊ *Investigación* ◊ *Descubrimento*. Este estilo xera un máis alto nivel de resistencia na realización da tarefa que obedece a unha automotivación.

Alguns **principios básicos** que se terán en conta ao longo de todas as sesións son os seguintes:

- Reforzo positivo: É importante que os alumnos/as estean continuamente motivados, e a motivación propiciará unha sensación de éxito e confianza mediante o coñecemento dos seus progresos e os eloxios por parte de o profesor/a. Desta forma, crearase un ambiente de confianza no que o alumno/a se sente seguro/a.
- Progresión: Hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do doado ao difícil, do sinxelo ao complexo, paulatinamente.
- Intensidade: Os estímulos dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados axeitadamente.
- Transferencia: Cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.
- Intereses: Os exercicios formulados aos alumnos/as deben estar de acordo cos intereses e necesidades destes, para lograr unha aprendizaxe significativa.
- Individualización: Hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e

funcionais de cada neno/a. Cada un “é como é”. De aí que á hora de avaliar se teña en conta a actitude e a aptitude.

→ Participación: Non haberá aprendizaxe se o neno/a non participa activamente.

a) Materiais e recursos

O centro conta cunha pista polideportiva para levar a cabo as clases de Educación Física. A maiores, o Concello permite o uso do pavillón municipal así como o campo de fútbol exterior.

Cóntase con gran material: 2 porterías, 2 canastras grandes, 2 canastras pequenas, redes, bancos suecos, espaldeiras, colchonetas, colchonetas quitamedos. Tamén pequeno material: pelotas de diferentes tamaños e material, balóns de baloncesto, balóns de fútbol-sala, balóns de voleibol, balóns de balonmán, raquetas de bádminton e plumas, indiacas, aros de distintos tamaños, cordas pequenas e grandes, paracaídas, conos redondos, discos voadores, palas, petos, sticks, picas, etc.

A maiores, no caso de ser preciso, utilizaranse apuntes que serán facilitados ao alumnado. algún libro como recurso de forma puntual para consultas, fichas para cubrir datos referentes ás correspondentes unidades didácticas.

Tamén se promoverá o uso de internet na biblioteca ou aula de informática para busca e consulta de información.

7. AVALIACIÓN

a) PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliaranse todos os elementos que constitúen o **proceso de ensino-aprendizaxe** (programación, metodoloxía utilizada, materiais, instalacións, alumnado, docente, sistema de avaliación), aínda que é imprescindible ter en conta os obxectivos e contidos a desenvolver, contextualizados en cada centro. Utilizaremos os criterios de avaliación como indicadores do cumprimento dos obxectivos e contidos por parte dos alumnos/as no proceso de aprendizaxe, que serán concretados nos estándares de aprendizaxe. A valoración do grado en que os alumnos/as van asimilando os contidos pode constituírse nunha boa referencia sobre o desenvolvemento do proceso de ensino, aínda que non debe ser o único medio de valoración. Para reflexionar sobre a nosa práctica como docente utilizaremos un rexistro anecdótico, anotando todo o que consideremos oportuno (incidencias observadas, os aspectos mais representativos da sesión, dos alumnos/as, etc.).

Do comentado anteriormente dedúcese que algún dos procedementos serán:

1. Exames prácticos dos contidos impartidos (cando o nivel e unidade o requiran).
2. Exposicións orais dos contidos presentes nas unidades didácticas.
3. Rexistros de observación da práctica do alumnado.

Avaliaremos nos seguintes momentos:

- **Avaliación inicial.** Ao principio da UD para ter un coñecemento preciso do nivel do noso alumnado respecto dos contidos a desenvolver (coñecementos previos, nivel físico...). Levarémola a cabo na 1ª sesión de cada unidade.
- **Avaliación continua e formativa.** Ao longo de todas as unidades, avaliarase durante o seu desenvolvemento, para ver se todo sae segundo o programado; en caso contrario, varialo no posible. Daremos os resultados rapidamente para motivar ao noso alumnado.

- **Avaliación final.** Ao final de cada UD avaliaremos todo o proceso tendo en conta os resultados da avaliación inicial, os obxectivos e a avaliación final en función dos criterios de avaliación

b) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exames prácticos de educación física(cando o nivel e unidade o requiran).
- Anotacións diarias das sesión de educación física.
- Control dos traballos para comprobar a realización e calidade das tarefas (cando se lles propoña)
- Observación da participación activa do alumnado na clase, actitude cara a materia, así como as dificultades de aprendizaxe.
- Comprobación de que o alumnado trae o material de aseo a clase.
- Intervención oral do alumnado.

c) DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

As primeiras semanas de clase terase en conta as condicións coas que acoden os alumnos/as para adecuar á programación en función das posibilidades.

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión, que terá como obxectivo coñecer o nivel en que se atopan os alumnos/as.

- Realizaremos unha serie de preguntas relacionadas cos contidos a traballar na unidade didáctica correspondente a todo o grupo-clase, podendo responder todo aquel alumno que o desexe respetando sempre o turno de palabra.
- Noutras ocasións entregaráselles ao alumnado un cuestionario con preguntas relativas os contidos que se traballarán na correspondente unidade didáctica.
- Os/as alumnos/as realizarán determinadas tarefas motrices iniciais (como proba) relacionadas cos contidos que se traballarán na correspondente unidade didáctica.

- A última sesión serve de repaso das anteriores, supoñendo unha **avaliación final**, verificando as aprendizaxes do alumno/a. Ao longo das sesións tomaranse rexistros dos progresos por medio dos instrumentos de avaliación anteriormente citados (**avaliación formativa**).

d) ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

e) CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

ASPECTOS XERAIS	PREVISTO	REALIDADE	PROPOSTAS DE MELLORA
Porcentaxe de programación impartida			
Grao de adquisición dos contidos por parte do alumnado			
Atención á diversidade			
Actividades de recuperación e reforzo			
Educación en valores			
Metodoloxía			
Materiais e recursos didácticos			

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O proceso educativo do alumnado, tenderá ao desenvolvemento das competencias ou capacidades establecidas nos obxectivos xerais das respectivas etapas educativas do colexio. Rexerase polo principios de calidade e inclusión garantindo a igualdade de oportunidades e facendo efectivo que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas posibilidades.

En termos xerais, a intervención educativa partirá do nivel de coñecementos previos e a zona de desenvolvemento próximo de cada alumno e alumna, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxectivo de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades..

Diferenciamos dúas modalidades de atención: unha atención xeral e a atención no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

En canto á atención xeral, como norma, acomodaremos o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que se pode traducir nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e/ou de cooperación familiar.

A intervención co alumnado con necesidade específica de apoio educativo, planificarase en colaboración co Departamento de Orientación, tanto dende o punto de vista curricular coma organizativo. Estará fundamentado nos informes psicopedagóxicos, a avaliación inicial e información recollida polo profesorado.

Os alumnos/as lesionados temporalmente axudarán ao docente no transcurso da clase ou deberán realizar algún traballo escrito relacionado coa materia. En todos os casos o alumno/a terá que permanecer na instalación deportiva co calzado e material axeitados, salvo casos, os cales estean xustificadas.

9. RELACIÓN COS DISTINTOS PLANS:

a) Relación co plan Tic

A educación física está relacionado cos avances tecnolóxicos en moitos aspectos; como pode ser o feito de ter que tomar medidas e referencias sobre pulsacións, tempos, distancias...nas distintas actividades físicas.

Hoxe en día existen abundantes aplicacións en internet moi frecuentadas e válidas para a actividade deportiva.

O alumnado estará ao día nos aspectos fundamentais do uso de ordenadores, para consultas relacionadas coa educación física, vídeos sobre deportes, tutoriais e algunhas outras aplicación similares.

b) Relación co plan de Convivencia

A área de Educación física está vinculada á competencia social e cívica e nela vemos que:

As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

- Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto cara os demais nas actividades realizadas.
- Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.
- Asumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas.
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.
- Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura.
- Valorar o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.
- Habituar a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno.
- Coidar e conservar os materiais.

De feito existen unas actividades tipo que promoven a boa relación entre o alumnado como por exemplo os xogos de cooperación, nos cales o grupo de alumnos

persigue o mesmo fin e canto máis se relacionen e tomen xuntos decisión e posta en funcionamento mellor se conseguirá o obxectivo do xogo.

c) Relación co proxecto de actividades complementarias e extraescolares

Outro tipo de actividades extraescolares son as saídas de sendeirismo polo entorno próximo; ou aproveitar nalgunha saída de tipo cultural para facer algunha camiñada co alumnado.

Así mesmo a través desta área colaborará coas actividades extraescolares programadas no Plan Xeral Anual de centro, sempre que a situación epidemiolóxica o permita.

d) Relación co proxecto lector

En educación física o alumnado ten que ler os apuntes que se lles facilita e buscar información adicional, en enciclopedias, ordenadores...

e) Relación co proxecto lingüístico

Segundo consta no Decreto de Plurilingüismo, as sesións de educación física impartiranse en galego.

10. ADAPTACIÓNS NECESARIAS Á DOCENCIA NON PRESENCIAL

INTRODUCCIÓN

O día 11 de marzo de 2020 a OMS elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional.

Esta situación é totalmente nova e non existen antecedentes aos cales aterse. A día de hoxe, tamén se descoñece a súa duración e non hai unhas instrucións claras polas que rexirse. Tendo en conta todo o anterior, temos que ser conscientes de que a clase presencial non pode ser suplida por métodos online, e menos en materias como a Educación Física onde a parte práctica e grupal é fundamental. Tamén é moi importante considerar as distintas situacións familiares, situacións que implican un desigual acceso e coñecemento das TICs; polo que todo o que se faga nese eido non pode ter como resultado un aumento das desigualdades xa existentes.

A nosa labor, debe ir encamiñada a tranquilizar e fomentar actividades que non supoñan un aumento do estrés das familias. Polo que, as medidas tomadas neste na materia de E.F. estarán encamiñadas a conseguir un hábito motriz saudable, reforzar algún contido conceptual ou algunha habilidade ou técnica individual. É importante incidir que con este tipo de traballo non se acadan tódolos obxectivos deste área.

No caso de corentenas ou confinamentos, seguindo o Plan de ensino virtual ante a covid-19, co fin de continuar co proceso formativo do alumnado ante estas ou outras eventualidades derivadas da actual crise sanitaria, contéplase dúas modalidades de docencia: ensino semipresencial e ensino non presencial.

ENSINO SEMIPRESENCIAL

No caso de ensino semipresencial, para atención de alumnado en corentena, a docencia realizarase a través da aula virtual do centro. Incidirase no traballo conceptual e na práctica de habilidades individuais.

ENSINO NON PRESENCIAL

No caso de ensino non presencial, por suspensión das clases, a docencia -sempre que as familias poidan- adaptarase aos horarios espellos elaborados. Neste ensino, tentarase repartir a carga lectiva de forma que, como mínimo, o 60% adicariase a docencia virtual e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.

Os medios empregados serán:

- Webex: que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios prácticos-
- Aula virtual: onde se atoparán recursos de repaso e apuntes teóricos. Ademais de tarefas a realizar.

A través destes dous instrumentos avaliarase o grado de implicación e actitude na realización das tarefas, así como o desenvolvemento axeitado das distintas actividades.